

DECRETO DA ALCALDIA.

Expediente núm.: 1053/2021

Procedemento: Seleccións de Persoal para constitución de bolsa de traballo.

O Concello de Vila de Cruces carece actualmente de persoal administrativo suficiente para atender as necesidades dos postos de traballos do Concello de Vila de Cruces, dada conta de cada vez máis cotiáns e profesionais no ente local.

Dadas as sucesivas baixas do persoal, tanto no departamento de Intervención, Axente de Emprego Local, como Rexistro, esta Administración precisa dispoñer de persoal administrativo para o desempeño de funcións comúns ó exercicio das actividades administrativas dos citados departamentos. Estes postos de traballo predominantemente burocráticos deben ser desempeñados por funcionarios administrativos.

Considerando que é de urxente necesidade dispoñer de dito persoal e considerando que non existen bolsas de traballo que permitan a contratación laboral o nomeamentos interinos nas categorías indicadas,

Vista a necesidade de crear unha bolsa de traballo de persoal de Administración Xeral, subescala administrativa para posteriores nomeamentos como funcionarios interinos, e contratacións laborais, por causas de urxente necesidade.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal e de conformidade co artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

Visto o Informe conxunto emitido pola Intervención e pola Secretaría Municipal, de data 8 de marzo de 2022, **RESOLVO:**

Primeiro: Avocar a competencia, - previamente delegada na Xunta de Goberno Local-, para o caso específico que nos ocupa, de conformidade coa Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas.

Segundo: Aprobar a convocatoria e as bases de selección de persoal, nos termos en que figuran no expediente.

Terceiro: Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o anuncio da convocatoria.

Cuarto: Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas na páxina web do Concello de Vila e Cruces [<http://viladecruces.sedelectronica.es>] e no Taboleiro de Anuncios Municipal, tanto físico como electrónico, para maior difusión.

Mándao e asíno o Alcalde na data indica á marxe, do que como Secretaria Xeral da Corporación, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

